

PLAN DE ACOLLIDA
AO ALUMNADO INMIGRANTE



CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA

Índice

I. Xustificación

II. Normativa legal

III. Características do alumnado

IV. Necesidades educativas do alumnado inmigrante.

V. Obxectivos

VI. Fases

VII. Avaliación Inicial do alumnado

VIII. Criterios de adscrición a un curso.

XIX. Decisión de intervención didáctica (Medidas organizativas)

ÍNDICE DE ANEXOS

I. Xustificación

O CEIP Plurilingüe Santa María, é un Centro de liña 1 que ten na actualidade dúas unidades de E. Infantil e seis unidades de E. Primaria.

Actualmente están matriculados 119 alumnos/as. Nos últimos anos foise incorporando ao CEIP Plurilingüe “Santa María” alumnado procedente doutros países.

Por este motivo, para dar resposta aos novos retos que plantea a pluralidade cultural nas aulas, elabórase este Plan de acollida.

Trátase dun Proxecto integral, dirixido á totalidade do alumnado, sexa ou non inmigrante, asumido por toda a comunidade educativa, que debe facer que o noso Proxecto Educativo e os Proxectos Curriculares das etapas que se imparten vístanse de interculturalidade; mediante a planificación de actuacións e a proposta de materiais e recursos, co obxectivo de crear as condicións óptimas para unha boa acollida no noso centro educativo do alumnado chegado doutros países e tamén preparar a todos nosos alumnos e alumnas para vivir nunha sociedade culturalmente cada vez mais diversa.

II. Normativa legal

A base legislativa na que se sustenta este Plan de Acollida é a seguinte:

- **Constitución Española**

A Constitución Española no seu artigo 27.2 recolle que:

“La educación tendrá por objeto el pleno desarrollo de la personalidad humana en el respeto a los principios democráticos de convivencia y a los derechos y libertades fundamentales”.

- **Lei Orgánica 4/2000**, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social.

Artigo 9 adicado á educación.

- **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro que regula a atención a diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia. No mesmo recóllense as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

Aplicables a alumnado que presenta:

- Descoñecemento das dúas linguas oficiais.
- Desfase curricular de dous cursos ou superior.

➤ Graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)) e Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro pola que se modifica a LOE. (LOMLOE)**

Disposición adicional decimonovena: “Lo establecido en esta Lei en relación con la escolarización, obtención de títulos y acceso al sistema general de ayudas al estudio, será aplicable al alumnado extranjero en los términos establecidos en la Lei 4/2000 de 11 de enero...”

Adica un Capítulo ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e mais concretamente os *artigos 78 e 79*, refírense á escolarización tardía ao sistema educativo español:

“Las Administraciones educativas han de garantizar que la escolarización del alumno que acceda de forma tardía al Sistema Educativo Español se realice atendiendo a sus circunstancias, conocimientos, edad e historial académico, de modo que se puedan incorporar al curso más adecuado a sus características y conocimientos previos con los apoyos oportunos y de esta forma continuar con aprovechamiento su educación”.

- **Decreto 155/2022**, do 15 de setembro, polo que se establece o **currículo da Ed.Primaria** na C.A. de Galicia.
- **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o currículo e regula a avaliación na etapa de Educación Primaria.

III.Características do alumnado inmigrante

Aínda que o alumnado inmigrante é moi diverso, algunhas das características máis frecuentes son as seguintes:

- Son un **grupo heteroxéneo** de procedencia diversa, con importante presenza de alumnado procedente de Marrocos.
- **Descoñecemento das linguas oficiais da Comunidade Galega.**

Incluso cando o alumnado provén de países nos que a lingua é o castelán, temos que considerar as diferenzas de uso segundo as variedades, os usos léxicos e os niveis socioculturais. En canto ao galego, o máis normal é o descoñecemento por parte do alumnado inmigrante.

- **En ocasións, existe un desfase curricular con respecto ao alumnado da súa mesma idade.**

Algúns destes nenos e nenas non foron escolarizados ou súa escolarización tivo un carácter irregular. Por outra banda, é posible que exista pouca relación entre o sistema educativo do seu país de orixe e o noso, producíndose o conseguinte desfase curricular.

- **Descoñecemento da nosa sociedade, da nosa cultura.**

Este feito xera inseguridade e sensación de illamento. Os alumnos e alumnas vense inmersos nun ambiente novo, nun entorno descoñecido, onde os demais dan por suposto que as normas son coñecidas por todos e todas. Os nenos e nenas perciben que teñen que adaptarse o mais rápido posible porque séntense diferentes e distanciados.

- **O alumnado inmigrante vese inmerso nunha situación de desarraigo.**

Ten que superar unhas situacións difíciles, xeradas pola separación da familia, o entorno e as amizades, que poden manifestarse incluso con sensación de malestar físico ou de enfermidade.

En ocasións a situación familiar queda bastante desestructurada, co pai ou a nai que permanece no país de orixe, o que lle pode xerar a desatención de certas necesidades primarias e a adquisición de roles e funcións non propias da idade.

- **En moitas ocasións nas familias padécense problemas económicos e laborais.**

Considerando estas características, podemos analizar a súas necesidades educativas, que serán a base de tódalas actuacións que desenrolaremos para atender ao alumnado inmigrante.

IV. Necesidades educativas do alumnado inmigrante.

As necesidades educativas que máis a miúdo presenta este alumnado son:

- **Dispoñer dun período de adaptación.**
- **Sentirse acollido ou acollida.** A finalidade é conseguir que o alumnado se vexa incluído na comunidade educativa, como un membro activo máis.
- **Conseguir unha competencia comunicativa axeitada nas linguas oficiais da Comunidade Galega.** Este é un aspecto fundamental. É evidente que as persoas necesitamos o dominio da lingua utilizada no grupo social no que nos desenrolamos

posto que isto posibilitaranos relacionarnos de forma axeitada co resto dos membros do grupo. Ademais, a competencia comunicativa oral e escrita permítenos obter información e acceder a aprendizaxes novos. Por este motivo, esta necesidade é unha das que temos que atender do forma inmediata e prioritaria.

- **Coñecer a cultura e as costumes da nosa sociedade sen perder as súas señas de identidade.**
- **Recibir compensación no ámbito curricular.** O equipo docente poñerá en marcha as actuacións necesarias para compensar a situación de desigualdade coa que afrontan súa escolarización, adecuando a programación, os recursos e os criterios de avaliación aos niveis de competencia do alumnado.

V. Obxectivos

OBXECTIVO XERAL:

- Facilitar a integración do alumnado inmigrante, desenrolando para elo un marco de actuación que permita fomentar a interculturalidade en todo o Centro.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Promover a educación intercultural no centro dende un plantexamento global, dirixida a todo o alumnado e asumida por toda a comunidade educativa.
2. Crear un ambiente escolar no que o novo alumnado e as súas familias se sintan ben acollidos.
3. Favorecer unha adaptación progresiva ao centro.
4. Facilitar os trámites de matriculación.
5. Contribuír a un rápido coñecemento das instalacións do Centro que permita co alumnado se desprace polo mesmo con facilidade.
6. Establecer na clase un clima que faga máis agradables os primeiros momentos e que favoreza a interrelación entre o novo alumnado e os seus compañeiros.

7. Traballar a capacidade de empatía e responsabilidade entre o alumnado co fin de facilitar unha rápida e eficaz integración.

8. Contribuír a que as familias inmigrantes se sintan a gusto e que perciban a escola coma un lugar onde se lles facilita súa integración, se lles valora, se da importancia e protagonismo á súa cultura e se lles ofrecen cauces de participación.

9. Evitar a tendencia ao illamento dos novos alumnos e alumnas ante unha situación descoñecida, como a chegada ao centro.

VI. Fases

- Fase informativa: Información Inicial (familia)
- Criterios de adscrición a un curso.
- Fase de acollida no centro: o primeiro día.
- Fase de acollida na aula.

• Fase informativa. Acollida e matriculación

O primeiro contacto que teñen as familias inmigrantes co centro soe ser a través do equipo directivo.

Nesta **primeira entrevista** procúrase que o ambiente sexa acolledor. Necesitan ser informados sobre o noso sistema educativo e coñecer o centro onde van a escolarizar ao seu fillo ou filla.

Aproveitamos esta primeira entrevista para recoller toda a información sobre os datos que son precisos coñecer sobre o novo alumno ou alumna: país de orixe, idade, domicilio, situación familiar, linguas que fala, escolarización anterior, posibles problemas de saúde.

En canto á documentación necesaria, dispoñemos na secretaría de exemplares escritos en varios idiomas, ademais dun **modelo de recollida de datos en varios idiomas**, unha **carta de benvida en diferentes idiomas** (Ver ANEXO I) e “**Guías de escolarización**” enviadas pola consellería de Educación.

A **información que se lles facilitará aos pais** será a seguinte:

- Información sobre o sistema educativo (folletos da Consellería en varios idiomas).

- Calendario escolar e horario do centro.
- Material escolar necesario.
- Normas do Centro.
- Actividades que se realizan fóra do Centro: saídas, visitas, etc. Pediráselles a pertinente autorización firmada.
- Xustificación das faltas de asistencia.
- Información sobre a gratuidade dos libros.
- Información sobre as funcións e actividades da ANPA.

Farase coa familia unha visita ao centro, aula á que incorporase o seu fillo/a, ximnasio, biblioteca, aula de informática e demais instalacións.

- ***Fase de acollida no centro: O primeiro día***

Esta fase, de acollida no centro o primeiro día de clase, realizarase durante a primeira hora da mañá, nela interveñen:

- A Secretaria, encargada de recoller a documentación e comprobala.
- Un membro do Equipo Directivo.
- Un mestre, a ser posible, a que será a súa titora.
- Un alumno ou alumna (se está escolarizado no centro) do mesmo país de procedencia, que actúa como intérprete.

Unha vez recollida a documentación, o mestre e o alumno/a intérprete recibirán ao novo alumno/a e iranlle ensinando o centro, visitando as distintas dependencias e instalacións do mesmo.

- ***Fase de acollida na aula***

1. A titora, previamente traballará co grupo actitudes positivas de acollida cara o novo alumno/a procurando a eliminación de prexuizos e estereotipos.
2. A titora deberá pensar cal será o lugar mais axeitado para situar ao alumno/a, tendo en conta a cercanía ao mestre e aos alumnos mais solidarios.
3. O titor/a explicará ao grupo clase a chegada do novo compañeiro/a. Indicará seu nome e o país de procedencia e localizarase o país nun mapa que todos podan ver.

4. O día de incorporación do novo alumno/a será presentado polo titor/a ao grupo. Realizaranse actividades de carácter lúdico, co fin de presentar ao novo compañeiro. Así coñeceremos como se chama, cal é o seu país, onde está, cal é a súa lingua.
5. O equipo docente deberá ter previsto que o neno chegará sen material, polo tanto terá preparado fichas e material axeitado para os primeiros días, para o que poderá utilizar os cadernos de fichas recopilados. Unidades didácticas: Quén somos?, o colexio e a clase, o noso corpo, que comemos?, vestímonos, os animais, os oficios, os vehículos. (ANEXO IV)
6. Durante os primeiros días un *compañeiro/a* encargarse de “*titorizar*” ao novo compañeiro/a. Sentarase ao seu lado na clase, o acompañará no recreo, e procurará que dalgunha maneira o novo alumno/a sintase aceptado. Non obstante potenciarase a cooperación, buscando a implicación do grupo clase no seu proceso de adaptación.
7. Buscaranse mecanismos para explicarlle as normas de convivencia do centro e as de funcionamento da clase. Se hai no centro algún neno/a do seu país e que fale a súa lingua pode facer de tradutor para que o novo alumno/a se sinta máis cómodo ao principio.
8. Potenciarase, diante do grupo clase, as habilidades persoais do novo alumno/a co fin de mellorar súa propia autoestima e consideración dos compañeiros.

VII. Avaliación inicial do alumnado

A avaliación do alumnado é fundamental para determinar seu nivel de competencia curricular nas diferentes áreas, determinar súas dificultades e necesidades e consecuentemente establecer as medidas educativas oportunas que estimulen seu desenvolvemento e aprendizaxe.

Nun primeiro momento, será a titora quen realizará a valoración inicial das competencias do alumno.

Deste modo, podemos encontrarnos con dúas situacións claramente diferenciadas:

1. Descoñecemento total ou parcial da lingua galega e castelá, caso no que se avaliará a competencia lingüística. (ANEXO III).
2. Cando o alumno ou alumna ten dominio das linguas galega, castelá ou ambas e presenta un desfase curricular significativo solicitarase a avaliación da orientadora. Ao

mesmo tempo, a titora en colaboración co profesorado de apoio, realizará unha avaliación das áreas instrumentais básicas.

- **Observación inicial do alumno ou alumna**

É convinte que durante o primeiro mes, aproximadamente, o titor observe e valore unha serie de comportamentos escolares do alumno/a inmigrante para facilitar que o alumno poda demostrar todo aquilo que sabe, o que descoñece e o que necesita ser orientado.

VIII. Criterios de adscrición a un curso

O Equipo Directivo decidirá a adscrición do alumno ou alumna ao curso tendo en conta, a valoración do titor/a e do orientador/a que realizarán a avaliación inicial.

En principio, considerarase para cada alumno/a: a súa idade, as aprendizaxes previas, o coñecemento da lingua, competencia curricular, escolarización anterior e desenrolo evolutivo. Terase en conta que nun grupo de idade homoxénea é mais fácil a socialización e que a relación cos iguais facilita a adquisición de pautas de comportamento. Pero se o desfase nos coñecementos é grande, valorarase a adscrición a un nivel por debaixo da súa idade.

XIX. Decisión de intervención didáctica (medidas organizativas)

1. Os alumnos que descoñezan o galego e o castelán, total ou parcialmente, incluíranse nun **programa de inmersión lingüística**.

En Educación Infantil a aprendizaxe das linguas terá lugar mediante a inmersión lingüística e unha atención normalizada no grupo clase.

En Educación Primaria e excepcionalmente en 6º de E. Infantil poderase formar un Grupo de adquisición de linguas, que segundo a normativa vixente deberá acomodarse ao seguinte horario:

6º de Ed. Infantil – 5 sesións semanais.

1º e 2º curso de Primaria – 10 sesións semanais.

3º, 4º, 5º e 6º curso de Primaria – 20 sesións semanais. Nestes cursos tamén se podería formar un Grupo de adaptación de competencia curricular (máximo 8 sesións en horario de materias diferentes).

Realizarase prioritariamente fóra da aula respectando, na medida do posible, a participación do alumno nas áreas que favorezan a súa integración e socialización (Educación Física, Educación Artística...).

2. Os alumnos con dominio do castelán ou galego (medio, alto) e desfase curricular en diferente grado:

A. Con desfase curricular inferior a dous anos respecto a seu nivel educativo: precisarán un **Reforzo Educativo** elaborado e posto en práctica polo titor/a, profesores (preferiblemente pertencentes aos niveis máis cercanos) e profesorado de apoio, segundo dispoñibilidade horaria.

B. Con desfase curricular significativo (dous ou máis anos respecto a seu nivel de escolarización): necesitará **Adaptación Curricular (AC)**, que elaborará e poñerá en práctica o titor/a en colaboración co profesorado de apoio. As sesións de apoio realizaranse prioritariamente dentro da aula.

ANEXOS

- ✚ Modelo de recollida de datos en varios idiomas (Anexo I).
- ✚ Carta de benvida en diferentes idiomas (Anexo I).
- ✚ Documentos de interese para o centro, traducidos en oito idiomas (Anexo II).
- ✚ Avaliación inicial da competencia lingüística (Anexo III).
- ✚ Cadernos para os primeiros días e unidades didácticas (Anexo IV)
- ✚ Información á familia da realización dunha avaliación psicopedagóxica.
- ✚ Información á familia de Reforzo Educativo.
- ✚ Comunicación do titor/a á familia sobre as faltas de asistencia do alumno/a.
- ✚ Comunicación á familia sobre o incumprimento do alumno/a das normas do Centro.
- ✚ Convocatoria de reunión coa familia por parte do equipo docente.
- ✚ Documento de xustificación das ausencias do alumno.